



## CORTADORA DE VINILO

Para traballar cunha cortadora de vinilo, debemos de ter o deseño ou o arquivo que queres cortar nun software de deseño Gráfico como Illustrator ou CorelDRAW. Logo, debemos cargar o vinilo na máquina e axustar a configuración de corte segundo o tipo de vinilo e o deseño que estas a usar.

Unha vez que a máquina estea lista, enviamos o deseño á cortadora de vinilo e comezamos o proceso de corte. Se é necesario, podemos axustar a velocidade e a presión de corte para obter os resultados desexados.

Despois de que a máquina cortase o vinilo, retiramos con coidado o material sobrante e pelamos a parte que necesitamos para transferilo á superficie desexada.


Unha vez que transferido o vinilo, aplicamos presión cunha espátula para asegurarnos de que o vinilo estea ben adherido á superficie. Finalmente retiramos a cinta de transferencia e a gozar dos nosos deseños personalizados feitos coa cortadora de vinilo.

### ACTIVIDADES REALIZADAS.

Cortado de figuras do samaín coa cortadora de vinilo para decoración das clases.



Rotulado de camisetas para o grupo de música do centro "BandAtios" que levaron a súa música ao certame "A mocidade coa Lingua".





Rotulado das escaleiras do centro con todas as figuras homenaxeadas polas Letras Galegas ao longo dos anos, en vermello a escritora homenaxeada no 2024 ; Luisa Villalta.

